

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DO PORRIÑO PARA ACTUACIÓNS CON MOTIVO DO 150 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DO ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Porriño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Porriño para actuacións con motivo do 150 aniversario do nacemento do arquitecto Antonio Palacios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello do Porriño celebra o 150 aniversario do nacemento do arquitecto Antonio Palacios. Ademais, conmemora o centenario da inauguración do edificio do Concello, unha das súas obras máis emblemáticas.

O 2024 é o ano de Antonio Palacios. As conmemoracións polo 150 aniversario do seu nacemento exténdense por todos aqueles lugares que acollen a súa obra, dende Galicia a Madrid.

O Concello do Porriño quere rendir homenaxe ao seu veciño máis ilustre cunha ampla programación de actividades que van dende os actos conmemorativos polo centenario da inauguración do edificio do Concello a actividades culturais, educativas, festivas, divulgativas e de promoción turística.

Por todo o anterior, o Concello do Porriño é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

